

Criterios de promoción e titulación na ESO

Os aspectos relativos á avaliación, promoción e titulación en ESO regúlanse nos artigos 24, 25 e 26, respectivamente, do *Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia*.

■ Respecto á **promoción**, no artigo 28 *Orde do 26 de maio de 2023, pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo de educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa* establécese que o equipo docente decidirá na avaliación final sobre a promoción de cada alumno ou alumna.

Acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, tendo en conta as posibles pendentes de cursos anteriores. Para os efectos deste cómputo, as materias agrupadas nun ámbito non superado contaránse de xeito independente. Ademais de nos casos anteriores, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.

b) Que a suma dos períodos lectivos semanais establecidos no anexo IV do *Decreto 156/2022, do 15 de setembro*, das materias e dos ámbitos con avaliación negativa non sexa superior a dez. Para estes efectos, non se considerarán as materias pendentes de cursos anteriores nin as horas de libre disposición.

c) Que o equipo docente considere que as materias ou os ámbitos con avaliación negativa non lle impiden seguir con éxito o curso seguinte.

d) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.

e) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

A alumna ou o alumno poderá permanecer no mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo ao longo de todo o ensino obrigatorio. De xeito excepcional poderase permanecer un ano máis no cuarto curso, aínda que se esgotase o máximo de permanencia, sempre que o equipo docente o considere, prolongando un ano máis o límite de idade a que se refire o artigo 5.1 do *Decreto 156/2022, do 15 de setembro*.

■ Respecto á **titulación**, o artigo 29 da *Orde do 26 de maio de 2023* establece que o equipo docente decidirá sobre ela de xeito colexiado, na sesión avaliación final de 4º curso, atendendo á adquisición das competencias clave establecidas no perfil de saída e á consecución dos obxectivos da etapa.

Obterá o título de graduado/a en educación secundaria obrigatoria o alumnado que supere todas as materias ou os ámbitos cursados. Ademais de no caso anterior, **o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:**

a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias e en todos os ámbitos en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.

b) Que, a xuízo do equipo docente, a alumna ou o alumno adquirise as competencias establecidas no perfil de saída.

c) Que, a xuízo do equipo docente, a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos de etapa.